



19 de setembro de 2008

Curso 2008/09 nº 2

boletin@edu.xunta.es



# BOLETÍN INFORMATIVO

## Recursos para banda deseñada

Neste documento poderás atopar unha pequena guía de recursos para realizar unha banda deseñada, os obxectivos, as competencias básicas para traballar na aula e ligazóns de referencia. Así mes-

mo as ferramentas para a creación da banda deseñada e as posibilidades de publicación.

[Acceso ao documento](#)



### Recordatorio

Continúa aberto o prazo de Premios de innovación educativa en valores democráticos. Convócanse 26 premios, nas modalidades webquest, miniquest e buscas do tesouro e mais libro web colaborativo. [Acceso](#)

## Blog de libros de literatura infantil

No web de bibliotecas escolares poderás atopar un blog de comentarios de literatura infantil.

[Acceso](#)



## Potenciación do galego en educación infantil en centros concertados

Publicada a proposta de resolución das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a centros educativos privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación de

accións que potencien o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil.

[Acceso á resolución](#)



## Guía de vantaxes e medidas de apoio para persoas con discapacidade

Dende a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publícase esta guía para reforzar as accións que en materia de discapacidade temos a obriga de desenvolver para acadar

unha sociedade máis xusta e inclusiva para todo o mundo.

[Acceso á guía](#)



Guía de vantaxes e medidas de apoio para persoas con discapacidade

### *Seminarios de dinamización lingüística no ensino*



O día 1 de outubro comeza nas cidades de Ferrol, Pontevedra e Ourense o III Seminario de Dinamización Lingüística no Ensino. O prazo da inscrición, que deberá realizarse a través de <https://www.edu.xunta.es/fprof>, re-

mata o 25 de setembro. Aínda que aberto a todo o profesorado de educación primaria e secundaria, o criterio de selección preferente é a pertenza ao equipos de normalización e dinamización lingüística. Nas cidades de Lugo, A Coruña,

Santiago e Vigo o seminario adíase ata a última semana de novembro.

[Máis información](#)

### *Campaña de política lingüística animación á lectura*



A Secretaría Xeral de Política Lingüística e as editoriais galegas A Nosa Terra, Baía, Galaxia, Kalandraka, Oqo, Rodeira, Sotelo Blanco e Xerais levarán a cabo, dende este

mes e ata finais de ano, un programa de animación lingüística destinado a alumnado de catro a dezoito anos. A iniciativa inclúe libros, conta-

contos, música, xogos, pintura e teatro.

[Máis información](#)

### *Conferencia de Stephen Hawking en Santiago de Compostela*



Organizada pola Universidade de Santiago e polo Consorcio de Santiago, o sábado 27 de setembro ás 18:30 horas terá lugar no Palacio de Congressos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela a

conferencia de Stephen Hawking “Saíndo dun burato negro”. A entrada será libre, ata completar o aforo (apertura de portas ás 16:30).

### *Webquest un mundo para todos*

Down Galicia pon a disposición da comunidade educativa unha serie de recursos. “Un mundo para todos” é unha webquest de sensibilización para o alumnado de educación secundaria con respecto ás persoas con síndrome de

Down. “Unha vida por diante” é unha proposta didáctica. Tamén contén estratexias para favorecer a inclusión deste alumnado.

[Acceso](#)



### *Homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros*

No [DOG nº 180](#) do mércores 17 de setembro sae publicado o Decreto 204/2009, do 28 de agosto, sobre asunción da ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia

mediante o Real decreto 1319/2008, do 24 de xullo, en materia de educación: homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias, e a súa asignación á Conselle-

ría de Educación e Ordenación Universitaria.

*Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)*

## Webs temáticas

**Contidos Educativos**  
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



**Plan Galego de Convivencia**  
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



**Plan Valora**  
<http://www.edu.xunta.es/valora>



**Mupegas**  
<http://www.edu.xunta.es/mupegas>



**Linguas estranxeiras**  
<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>



**Rede TIC de Centros**  
[http://www.edu.xunta.es/contidos/rede\\_tic](http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic)



**Bibliotecas escolares**  
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



## Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación Primaria](#)

[Lexislación de Educación Secundaria](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos](#)

[xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos de innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións en innovación educativa](#)

[Medrando sáns. Hábitos saudables na Educación Infantil.](#)

[¿E por qué?. Prevención accidentes infantís](#)